



Guía Docente			
Datos Identificativos			2016/17
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica	Código	652G01029
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa
Idioma	Galego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Didácticas Específicas		
Coordinación	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es
Profesorado	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es
Web			
Descripción xeral	<p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o contorno, o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe. Preténdese que o alumnado coñeza, deseñe e experimente con recursos, ferramentas e materiais didácticos.</p> <p>Ensáiese, de maneira experimental, a metodoloxía de trabalho por proxectos. Así, a materia vana definindo a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexible e aberto. O núcleo da materia está formado pola propia metodoloxía experimental na que se fomenta a participación activa, a creatividade e a autonomía.</p> <p>Realízanse obradoiros, actividades interdisciplinares e saídas culturais.</p>		

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Coñecer e comprender o medio cultural de Galicia como espazo dinámico cun importante potencial educador, e como recurso metodolóxico e didáctico de aplicación na Educación Infantil.			A23 B1 C4 A26 B3 C7 A37 B11 B12 B15 B20 B24
Deseñar propostas e actividades didácticas, dende unha metodoloxía de trabalho por proxectos, sobre o contorno cultural galego axeitados ó ensino infantil. Aprender a construír proxectos dende o coñecemento e as emocións.			A33 B1 C1 A36 B4 C4 A39 B5 C6 A40 B7 C7 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B18



Fomentar actitudes de valoración, respeto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A37 A40	B5 B6	C4 C7 C8
---	------------	----------	----------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: Introdución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Como pensamos e deseñamos a materia?</li> <li>- Que obxectivos nos marcamos?</li> <li>- Cales son os centros de interese?</li> <li>- De que coñecementos partimos?</li> <li>- Contidos e metodoloxía: propostas.</li> <li>- A interdisciplinariedade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galicia.</li> </ul>
Unidade 2. Paisaxes naturais, históricas e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Que é a paisaxe?</li> <li>- Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais.</li> <li>- As fontes de información e documentación no entorno.</li> <li>- Como ler e interpretar a paisaxe.</li> <li>- O clima, o relevo, a auga, a flora e fauna, a poboación de Galicia, etc., para traballar na E. Infantil.</li> </ul>
Unidade 3. Os poboadores de Galicia dende a Prehistoria e a súa relación con outras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prehistoria e Historia na Educación Infantil?: a curiosidade, a motivación e os centros de interese.</li> <li>- A Arte e outras manifestacións da comunicación e creatividade.</li> <li>- Experiencias: traballando a historia na E. Infantil dende as emocións, a creatividade e a flexibilidade.</li> </ul>
Unidade 4. Temas monográficos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nesta unidade traballaranse cuestións e temas concretos que vaian xurdindo da propia dinámica da aula.</li> <li>Ensaiarse o traballo por proxectos cunha ou máis temáticas de contidos, recursos e aplicacións didácticas idóneos coa materia.</li> <li>- Os obradoiros estarán directamente relacionados con estos temas.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1 C1	1	2	3
Aprendizaxe colaborativa	B4 B5 B7 B8 B18	2	7	9
Eventos científicos e/ou divulgativos	B6 B8 B15 C7	5	12	17
Saídas de campo	A23 A40 B6 C4	6	16	22
Sesión maxistral	A37 B3 B20 B24 C6 C8	5	10.5	15.5
Seminario	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	11	30	41
Proba obxectiva	A37 A39 B9 B10 B11	1	2	3
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción



Actividades iniciais	Periodicamente e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xurdan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Realizarase algunha actividade tipo conferencia, charla, encontro, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de coñecer as experiencias que se están a realizar na Educación Infantil e actualizar os seus coñecementos, relacionados co ámbito da materia.
Saídas de campo	Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplio ámbito, por medio da aprendizaxe directa. Son a base para a realización de propostas didácticas por parte do alumnado. Poderanse realizar saídas a exposicións, contornos naturais e encraves de interese cultural.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Terán unha orientación claramente didáctica e de aplicación das aprendizaxes nas aulas de Infantil.
Seminario	Realizaranse traballos en grupo, cun papel decisivo por parte do alumnado no que respecta á participación, discusión, toma de decisións en común, busca de información e documentación, establecemento de metodoloxías, elección de temáticas en relación coa orientación da materia e desenvolvemento dos mesmos. O carácter didáctico será primordial. A profesora guiará esta actividade.
Proba obxectiva	Ao ser esta unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual ás cuestións traballadas.

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Seminario	Os seminarios terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	A37 A39 B9 B10 B11	Ao tratarse dunha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual da actividade desenvolvida por cada alumna/o.	10
Saídas de campo	A23 A40 B6 C4	A asistencia será obligatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	B6 B8 B15 C7	A asistencia será obligatoria e as alumnas e alumnos realizarán comentarios escritos acerca das actividades.	10
Seminario	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	Valorarase a participación e implicación, o criterio, a puntuabilidade nas entregas, a creatividade e a calidad do traballo. Con ser un traballo de grupo, terase en conta a participación de cada estudiante.	50
Outros			

#### Observacións avaliación

Na avaliação terase en conta a actitude, interese, participación, e dedicación á materia.

Ao tratarse dunha materia de marcado carácter práctico e vivencial non se aconsella ao alumnado con dispensa académica. Así e todo, o alumnado que se acolla á dispensa académica, deberá realizar un traballo de curso individual e a proba obxectiva, sendo cualificados nun 50% cada unha destas metodoloxías. Para acollerse a esta modalidade, é condición necesaria asistir a tutorías (mínimo 3) para facer un seguimento directo da construcción do traballo de curso.



## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- AA.VV. ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules Editorial.</li><li>- Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata</li><li>- Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea</li><li>- Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra</li><li>- Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea</li><li>- Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia.. Lundwerg</li><li>- AA.VV. ((1999)). Atlas histórico de Galicia.. Vigo: Nigra Trea</li><li>- Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia.. Vigo: Galaxia</li><li>- Mariño, X.R. &amp; González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea.</li><li>- Egan, K. (2010). Learning in Depth.. Chicago: The University of Chicago Press</li></ul> <p>Esta é unha bibliografía básica e de orientación. Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias más específicas sobre didáctica e experiencias en E. Infantil así como outras fontes de información.</p>
Bibliografía complementaria	  

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Medio social e cultural e a súa didáctica/652G01025

Materias que continúan o temario

## Observacións

Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, a asistencia e participación e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia, son imprescindibles.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías